



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29 de setembro), realizarase proximamente neste centro a décimo segunda (12ª) renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- O director ou directora do centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai/nai/titor/a legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "SAN ROSENDO" MONDOÑEDO	
ENTRADA	SAÍDA
Nº	Nº <u>215/236</u>
Data	Data <u>25 OCT 2021</u>

Os catro últimos membros serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo **28 de outubro, ás 12:30 horas na secretaría do centro.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Mondoñedo, 25 de outubro de 2021.

A directora do centro



María Josefa Cuesta Fernández

